



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

04 ABR. 2024 10:05:29

Entrada **19178**

## Recuperación de todos os servizos ferroviarios existentes antes da pandemia na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á recuperación de todos os servizos ferroviarios existentes antes da pandemia na Galiza.**

O BNG xa rexistrou distintas iniciativas dirixidas ao Ministerio de Transportes, tanto na actual como na pasada lexislatura, en que reclamaba a total recuperación dos servizos ferroviarios suprimidos durante a pandemia na Galiza, como é o caso das seis conexións que había entre Vigo (Guíxar) e Pontevedra, con paradas en Redondela, Picota, Arcade e Catoira e que contaban con frecuencias de ida ás 7:25h, 12:15h e 17:30h e de volta ás 8:05h, 13:50h e 18:40h.

Ás anteriores tamén se suma a eliminación das dúas frecuencias por sentido que había entre Vigo (Guíxar) e Valença do Minho con saída ás 9:20h e 18:12h e volta ás 11:05 e 20:41h e que facían paradas en Redondela, Porriño e Tui. Coa supresión deste servizo tamén se eliminou a posibilidade de enlazar en Tui co Intercity que vai a Lisboa.

Todas estas conexións cumprían unha importante función ao empregarse como servizo de proximidade entre Vigo e os concellos da súa área metropolitana.

Tampouco se restituíu a conexión que había entre Vigo e Ponferrada con trens da serie 449, que partía de Vigo (Guíxar) ás 7:05h e con retorno ás 18:36h. Se ben é certo que na actualidade están a ser executadas as obras de mellora da



infraestrutura ferroviaria entre Ourense e Monforte que mantén cortada a liña desde novembro de 2022, sería necesario que o Ministerio confirmara a intención de repoñer este servizo.

Nunha resposta por escrito do Ministerio ao BNG en novembro pasado, Renfe afirmaba que “no que a Obrigas de Servizo Público se refire, están practicamente restituídos todos os servizos que existían antes da pandemia”. Porén, seguen faltando moitos servizos por repoñer, tal e como estamos a pór de manifesto.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Pode o Ministerio informar con detalle dos servizos ferroviarios recuperados na Galiza e que foran suprimidos no 2020 e 2021?
2. Que servizos non foron restituídos? A que se debe o retraso? Cando serán repostos?
3. Vai restituír as seis frecuencias que había entre Vigo (Guíxar) e Pontevedra, con paradas en Redondela, Picota, Arcade e Catoira, con horarios de ida ás 7:25h, 12:15h e 17:30h e voltas ás 8:05h, 13:50h e 18:40h? En caso afirmativo, cando?
4. Ten pensado recuperar as dúas frecuencias por sentido que había entre Vigo (Guíxar) e Valença do Minho, con saídas ás 9:20h e 18:12h e volta ás 11:05 e 20:41h, que facían paradas en Redondela, Porriño e Tui?. De ser así, cando prevé recuperalos?
5. É consciente de que estas conexións funcionaban como servizos de proximidade entre Vigo e a súa área metropolitana?
6. Prevé recuperar a conexión que había entre Vigo e Ponferrada unha vez que terminen as obras entre Ourense e Monforte?



7. Reitera o Ministerio o seu compromiso de restituír integramente todos os servizos ferroviarios existentes antes da pandemia sen excepción, evitando que Galiza siga a perder servizos de transporte ferroviario esenciais para a poboación?

Madrid, a 4 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la recuperación de todos los servicios ferroviarios existentes antes de la pandemia en Galiza.**

El BNG ya registró distintas iniciativas dirigidas al Ministerio de Transportes, tanto en la actual como en la pasada legislatura, en que reclamaba la total recuperación de los servicios ferroviarios suprimidos durante la pandemia en la Galicia, como es el caso de las seis conexiones que había entre Vigo (Guíxar) y Pontevedra, con paradas en Redondela, Picota, Arcade y Catoira y que contaban con frecuencias de ida a las 7:25h, 12:15h y 17:30h y de vuelta a las 8:05h, 13:50h y 18:40h.

A las anteriores también se suma la eliminación de las dos frecuencias por sentido que había entre Vigo (Guíxar) y Valença do Minho con salida a las 9:20h y 18:12h y vuelta a las 11:05 y 20:41h y que hacían paradas en Redondela, Porriño y Tui. Con la supresión de este servicio también se eliminó la posibilidad de enlazar en Tui con el Intercity que va a Lisboa.

Todas estas conexiones cumplían una importante función al emplearse como servicio de proximidad entre Vigo y los ayuntamientos de su área metropolitana.

Tampoco se restituyó la conexión que había entre Vigo y Ponferrada con trenes de la serie 449, que partía de Vigo (Guíxar) a las 7:05h y con retorno a las 18:36h. Si bien es cierto que en la actualidad están siendo ejecutadas las



obras de mejora de la infraestructura ferroviaria entre Ourense y Monforte que mantiene cortada la línea desde noviembre de 2022, sería necesario que el Ministerio había confirmado la intención de reponer este servicio.

En una respuesta por escrito del Ministerio al BNG en noviembre pasado, Renfe afirmaba que “en el que la Deberes de Servicio Público se refiere, están prácticamente restituidos todos los servicios que existían antes de la pandemia”. Sin embargo, siguen faltando muchos servicios por reponer, tal y como estamos poniendo de manifiesto.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Puede el Ministerio informar con detalle de los servicios ferroviarios recuperados en la Galicia y que habían sido suprimidos en el 2020 y 2021?
2. ¿Qué servicios no fueron restituidos? ¿A qué se debe el retraso? ¿Cuándo serán repuestos?
3. ¿Va a restituir las seis frecuencias que había entre Vigo (Guíxar) y Pontevedra, con paradas en Redondela, Picota, Arcade y Catoira, con horarios de ida a las 7:25h, 12:15h y 17:30h y vueltas a las 8:05h, 13:50h y 18:40h? En caso afirmativo, ¿cuándo?
4. ¿Ha pensado recuperar las dos frecuencias por sentido que había entre Vigo (Guíxar) y Valença del Minho, con salidas a las 9:20h y 18:12h y vuelta a las 11:05 y 20:41h, que hacían paradas en Redondela, Porriño y Tui? ¿De ser así, cuando prevé recuperarlos?
5. ¿Es consciente de que estas conexiones funcionaban como servicios de proximidad entre Vigo y su área metropolitana?



6. ¿Prevé recuperar la conexión que había entre Vigo y Ponferrada una vez que terminen las obras entre Ourense y Monforte?
7. ¿Reitera el Ministerio su compromiso de restituir íntegramente todos los servicios ferroviarios existentes antes de la pandemia sin excepción, evitando que Galiza siga perdiendo servicios de transporte ferroviario esenciales para la población?

Madrid, a 4 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**